

Desenvolvemento de elicitadores de defensa no castiñeiro do país (MR331 FEADER 2022-024B)

- Identificáronse 350 xenes nos mecanismos de defensa contra a avés china do castiñeiro.
- Identificouse o roteiro do salicílico como unha vía metabólica esencial implicada neste proceso.
- En consecuencia do anterior, ensaiouse como elicitador un derivado comercial, salicilato sódico.
- A dose recomendada é de 5 mm.
- Comprobamos que a HR se produce contra as larvas no momento da eclosión dos ovos, por tanto, a aplicación do elicitador debe facerse uns 40-50 días despois da posta do insecto
- O elicitador aumentou significativamente a resposta en castiñeiros híbridos.
- Non temos datos conclusivos coas variedades de castiñeiro por un problema experimental debido ao baixo nivel de ataque das plantas ensaiadas.
- A resposta da planta depende do nivel do ataque. Isto ten sentido porque as respostas inducidas son custosas para a planta, e parece necesitar alcanzar un certo limiar de estimulación (ataque) para responder.